



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2021/2022



CEIP SAN MIGUEL DE REINANTE

ÍNDICE		Páxina
1	CONTEXTO	2
	Características do centro e do alumnado.	
2	METODOLOXÍA DIDÁCTICA	3
3	AVALIACIÓN	4
	Procedemento para a avaliación inicial	
	Mínimos esixibles	
	Avaliación da Práctica Docente	
	Criterios de cualificación	
	Criterios de promoción	
	Reforzo alumno repetidor	
4	OUTRAS AVALIACIÓNS	9
	Avaliación da programación didáctica	
5	OUTROS ELEMENTOS QUE INCIDEN NA PROGRAMACIÓN	11
	Medidas de atención á diversidade	
	Elementos transversais	
	Fomento da lectura	
	Plan TIC	
6	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	14
7	ATENCIÓN ANTE POSIBLES ESCENARIOS DERIVADOS DA COVID-19	15
8	ANEXOS	16

1. CONTEXTO

a. Características do centro e do alumnado

Situación

O CEIP San Miguel de Reinante (Barreiros) atópase situado na localidade do mesmo nome, no barrio coñecido por "O Souto". Está situado nunha finca preto á estrada provincial que leva de San Miguel de Reinante a Remourelle, a uns cen metros da Estrada Nacional 634(Santander-A Coruña).

A finca é de forma irregular, cerrada por unha parede de mediana altura. Nesta finca atópanse as seguintes edificacións: Dous edificios destinados a colexios (coñecidos como "Colexio novo" e "Colexio vello"), o comedor e cociña, o pavillón polideportivo e un bloque de antigas vivendas para mestres, actualmente en proceso de rehabilitación.

Centros adscritos

O Departamento de Orientación do CEIP San Miguel de Reinante inclúe o CEIP Celso Currás de Trabada e o CEIP de San Cosme de Barreiros.

Ensinanzas que oferta o centro

O centro é un CEIP no cal se ofertan as ensinanzas de Educación Infantil e Educación Primaria.

Características singulares

Neste centro escolarízase alumnado de San Miguel de Reinante, Benquerencia, Reinante, Vilamar, Cabarcos, San Xusto, Vilamartín Grande, Vilamartín Pequeno e Insua. O transporte escolar realiza tres rutas e todo o alumnado transportado utiliza o comedor escolar.

O nivel sociocultural das familias é medio ou medio-baixo.

Os oficios dominantes son: agricultores, gandeiros, traballadores da construción, do transporte, empregados... En menor medida hai profesionais con estudos universitarios.

A oferta cultural do Concello de Barreiros é escasa. Non hai cines, teatros ou salas de exposicións dependentes deste, aínda que existen distintas iniciativas levadas a cabo por organizacións culturais como son Ollomao, O Arco da Vella e algunhas individuais como é o espazo artístico Eido Dourado.

Funciona en San Cosme a Biblioteca Municipal, que organiza diferentes concursos e actividades ao longo do ano.

O Concello organiza as Escolas Deportivas, permitindo aos nenos/as practicar diferentes deportes.

b. Características do alumnado

Lingua materna dominante

A poboación é eminentemente rural. O alumnado procede maioritariamente dun medio familiar galego falante. O caso de alumnado castelán falante é de pouca incidencia.

Alumnado con NEAE no curso 2021 -2022

Unha vez feitas as avaliación iniciais estase valorando por parte do equipo de orientación o alumnado que debe recibir atención educativa de reeducación pedagóxica e de linguaxe mediante diversas medidas: apoio mestra PT dentro ou fóra da aula, adaptacións curriculares, reforzo educativo...

Problemas sociais destacados: abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar

Actualmente non existen problemas de índole social que destaquen pola súa gravidade, só se observan algúns casos de medio familiar desestructurado como consecuencia da separación/divorcio dos proxenitores, que xeralmente afectan ao rendemento e ás relacións sociais do alumnado que os sofre.

2. METODOLOXÍA

a. ASPECTOS XERAIS

1. Diseñaranse tarefas de aprendizaxe integradas (TAI) que lles permitan aos alumnos avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo (este curso, alo menos unha)
2. A acción docente promoverá que os alumnos sexan capaces de aplicar as aprendizaxes nunha diversidade de contextos.
3. Fomentarse a reflexión así como a realización de tarefas que supoñan un reto para os alumnos e iso sirva tamén de motivación.
4. As tarefas deberán ter en conta o uso significativo da lectura, escritura, Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) e a expresión oral.
5. A actividade da aula favorecerá o traballo individual, o traballo en equipo e o traballo cooperativo.
6. Así mesmo, poderanse realizar agrupamentos flexibles en función da tarefa e das características individuais dos alumnos co obxecto de realizar determinadas tarefas de enriquecemento ou reforzo.
7. Procurarase organizar os contidos ao redor de núcleos temáticos próximos e significativos.
8. O espazo deberá organizarse en condicións básicas de accesibilidade e non discriminación necesarias para garantir a participación de todos os alumnos nas actividades da aula e do centro.

9. Procurarase seleccionar materiais e recursos didácticos diversos, variados, interactivos e accesibles tanto no que se refire ao contido como ao soporte.

3. AVALIACIÓN

a. Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos	INSTRUMENTOS
OBSERVACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> LISTA DE COTEXO.
	<ul style="list-style-type: none"> ESCALAS DE VALORACIÓN (listado de rasgos nos que se gradua o niveis de consecución (N (Nunca), AV (Ás veces), R (Regularmente) ,S (Sempre))
	<ul style="list-style-type: none"> RÚBRICAS. (graduación do nivel de desempeño ou logro alcanzado na consecución dunha tarefa/actividade, ou estándar/es)
	<ul style="list-style-type: none"> LISTAS DE CONTROL (conteñen unha serie de rasgos a observar, nos que se indica a súa presenza/ausencia nunha actividade ou tarefa)
	<ul style="list-style-type: none"> REXISTRO ANECDÓTICO DIARIO (recollen comportamentos non previsibles de antemán, sobre información para avaliar carencias no produto final)
PRODUCCIÓN	<ul style="list-style-type: none"> Relatos/ diálogos /contos, etc
REVISIÓN / ANÁLISE TRABALLOS/TAREFAS	<ul style="list-style-type: none"> -Análise do caderno de clase -Análise doutros soportes (fichas, cuestionarios) -Realización / resolución de varias tarefas/ casos que impliquen a utilización de varias competencias no produto final)
INTERROGATORIO: PROBAS ESPECÍFICAS	<ul style="list-style-type: none"> • Probas/controis tradicionais (orais e escritos)
	<ul style="list-style-type: none"> • Probas de composición
	<ul style="list-style-type: none"> • Probas obxectivas:
	<ul style="list-style-type: none"> -De resposta múltiple
	<ul style="list-style-type: none"> -De falso/verdadeiro
	<ul style="list-style-type: none"> -De emparellamento
	<ul style="list-style-type: none"> -De texto incompleto
	<ul style="list-style-type: none"> -De resposta curta
<ul style="list-style-type: none"> • Resolución de problemas 	

Tendo en conta os materiais que se empregan, podemos nomear tamén os tipos de instrumentos de avaliación empregados.

PROBA ESCRITA:

Pode ser calquera proba que recolla a información nun texto de forma escrita: exames, ditados, controis diarios, fichas de repaso ou ampliación...

PROBAS LECTORAS:

Trazamos unha proba na que o neno ten que ler un texto dunha extensión adecuada á súa idade, para despois traballar sobre iso: lectura compartida, seguindo todos o mesmo texto, lectura en voz alta, silenciosa..

PROBAS ORAIS:

Probas concretas nas que se pide unha información de extensión variable utilizando como medio preferente a expresión verbal oral. Exemplos: exposicións de traballos, dramatizacións aproveitando festividades do colexio, presentacións...

TAREFAS APRENDIZAXE INTREGADAS (TAI):

Conxunto de exercicios e actividades que perseguen a realización dun produto significativo e próximo ao contorno. Exemplos: elaboración de carteis, dramatizacións, contacontos, traballo horto...

OBSERVACIÓN DIARIA:

Valoración do traballo de cada día, instrumento moi utilizado para calibrar hábitos e comportamentos desexables (nunhas follas de rexistros)

b. Mínimos esixibles

Por unanimidade, a proposta da CCP, o claustro deste colexio decidiu o seguinte sobre os mínimos esixibles ao alumnado.

a) Os estándares de aprendizaxe e os contidos nos que se apoia o profesorado para ir conseguindo tanto as competencias coma os obxectivos de área, están fixados polo Decreto 105/2014, por tanto, son prescriptivos (serán os que o alumnado teña que aprender, e o profesorado, indirectamente, ensinar).

b) Segundo o punto anterior desta programación, pode apreciarse o distinto peso que vai ter cada estándar ao longo da avaliación continua do alumnado. Ese peso/valor, está marcando aqueles estándares que podemos chamar indispensables, ao redor dos cales debe xirar a actividade do ensino-aprendizaxe.

c) O profesorado ao longo do curso, e a través dos distintos instrumentos de avaliación, rexistra o grao de consecución deses estándares. Estándares que como sabemos, poden aportar unha porcentaxe distinta as distintas competencias claves.

d) Dese xeito, o alumnado, que a través dos criterios de cualificación aprobados consegue unha cualificación media de aprobado (5) nunha materia, implica que superou de xeito positivo os contidos e estándares de aprendizaxe, polo que acada esa calificación positiva para a área en concreto.

c. Avaliación da práctica docente

	ADECUADO	NON ADECUADO
Os obxectivos e contidos propostos		
Os criterios de avaliación.		
A programación das actividades e dos recursos utilizados.		
As actividades de reforzo e ampliación.		
As agrupacións dos alumnos e alumnas		
A propia intervención do profesorado.		
Os espazos e equipamentos do centro.		
A distribución do tempo.		
As relacións que se propician entre o profesorado e as familias.		
O funcionamento dos apoios.		
O ambiente que se crea na aula.		

- Avaliación do proceso de ensino

	ADECUADO	NON ADECUADO
Adecuáronse os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe ás características e necesidades do alumnado?		
Conseguíuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?		
Conseguíuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?		
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado?		
Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?		
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?		
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?		
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?		
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?		

d. Criterios de cualificación

- **De área ou de materia:**

Con estes criterios trátase de avaliar as distintas aprendizaxes do alumnado, incluíndo as máis curriculares e tamén aquelas que teñen que ver cos hábitos de convivencia, estudo, traballo, dado que o que fin da nosa tarefa é a “educación”, non só unha instrución específica.

	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN	%
CONTIDOS / ESTANDARES DE APRENDIZAXE	Probas escritas/orais (por unidade/lección, TAI) Rúbricas das dimensións das competencias e algúns estándares.	70%
HÁBITOS DE TRABALLO: O TRABALLO DE CLASE (revisión dos libros/cadernos/fichas): -Realización axeitada ou non /revisión -Presentación dos cadernos/portfolio -Remate das tarefas, actividades e exercicios.	Caderno alumnado Rexistro actividades Rúbricas Cartafol	20%
ACTITUDES NA CLASE e HÁBITOS DE CONVIVENCIA: -Participación -Escoita /presta atención -Esforzo -Colaboración /cooperación -Autonomía para a corrección	Rexistros anecdóticos de observación, do esforzo, participación, atención ...	10%

Os resultados da avaliación, seguindo estes criterios, expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4
- Suficiente: 5
- Ben: 6

- Notable: 7 ou 8

-Sobresaliente: 9 ou 10

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

- **Do grao de adquisición das competencias:**

Para cualificar a aprendizaxe competencial, terase en conta, a adquisición dos estándares de aprendizaxe relacionados coa competencia, e aportados polas distintas materias, así coma a valoración cualitativa dos aprendizaxes relacionados coas dimensións da competencia lingüística e matemática (tendo en conta as dimensións marcadas na Orde ECD/65/2015 de 21 de xaneiro).

Para coñecer ese aprendizaxe competencia. empregaremos ás rúbricas como instrumento de avaliación, xa que nos dará o nivel de dominio ou logro.

Esta calificación, faise en termos cualitativos, segundo o nivel de dominio ou consecución. Os termos para expresar ese grao de adquisición son:

- Nivel baixo/Pouco (Insuficiente)
- Nivel aceptable (Suficiente)
- Nivel bo (Ben/Notable baixo)
- Nivel alto/Excelente (Notable alto/Sobresaliente)

e. Criterios de promoción

- O alumnado promocionará de curso cando se den os seguintes casos:
 - Ter acadado os obxectivos e competencias clave
 - Ter alcanzado o grao de adquisición da competencia Lingüística ou Matemática.
- alumnado non promocionará de curso cando:
 - Non ter alcanzado o grao de adquisición das competencias Lingüística e Matemática e tecnolóxica.

f. Reforzo do alumnado repetidor

Este plan de reforzo, está especificado no PE do centro, a partir do seguinte:

A finalidade dese Plan é a de atender ás características e dificultades de cada alumno/a e á necesidade dun ensino personalizado, que teña en conta as peculiaridades de cada alumno/a e

así integralos no sistema educativo, evitando as desigualdades que poidan derivarse de factores sociais, económicos, xeográficos, étnicos, etc.

Para iso, debemos partir dos seguintes principios:

- Non todos os alumnos/as aprenden coa mesma facilidade.
- Non todos os alumnos/as están igualmente motivados para aprender.
- Non todos os alumnos/as aprenden da mesma forma.
- Non todos os alumnos/as teñen as mesmas posibilidades nin o mesmo entorno para aprender.

4. OUTRAS AVALIACIÓNS

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de tutoría e orientación do profesorado?				
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
16.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,...?				
17.- Cal é o grao de coordinación cos mestres/as do nivel?				

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
Proceso de ensino:				
1.- Adecuáronse os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe ás características e necesidades do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				
13.- Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?				

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o nivel?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
18.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
19.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
20.- Definíronse plans específicos de reforzo ou recuperación e apoio para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso?				
21.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
22.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
23.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
24.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 12º, 6 do D.105/14)				
25.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
26.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
27.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

5. OUTROS ELEMENTOS QUE INCIDEN NA PROGRAMACIÓN

a. Medidas de atención á diversidade

Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención personalizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe, así como na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades, os cales poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Para iso, e dentro das reunións habituais dos titores/as coa Xefatura do Departamento, así como nas reunións do Equipo Docente, estableceranse mecanismos de reforzo, organizativos ou curriculares, tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe. Entre estas medidas poderanse considerar o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A realización de apoios, preferentemente dentro da aula, dirixidos á prevención de dificultades de aprendizaxe por parte do profesorado de PT e AL.

- A realización de medidas de enriquecemento curricular.
- Os agrupamentos flexibles
- O reforzo educativo, nas áreas e alumnado que se determine, por parte doutro profesor.
- O reforzo educativo, fóra do horario lectivo, das áreas e alumnos que se determinen.
- O reforzo educativo por parte doutro mestre das áreas que se determine de alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe.
- O desdoblamento dun grupo de alumnos nunha ou varias áreas.
- Adaptacións curriculares en último caso.

b. Elementos transversais

De acordo co artigo 11 do Decreto 105/2014, en todas as áreas curriculares trataranse os seguintes elementos transversais:

- A comprensión lectora
 - Analizar os enunciados para impulsar a comprensión.
 - Uso de distintas tipoloxías textuais.
- A expresión oral e escrita
 - Producción de esquemas e/ou debuxos.
 - Elaboración dun guión para presentar o texto ante un grupo de compañeiros, e transformación da estrutura do texto.

- Falar, escribir, debuxar e comunicar o que len nun texto.
- Discutir e razoar sobre as cuestións contidas nos textos.
- A toma de decisións e a súa argumentación; a comunicación entre o grupo, o respecto e a aceptación das opinións dos demais; así como o traballo cooperativo para aprender dos outros e cos outros. Ao interaccionar cos demais (xa sexa traballando en pequeno grupo ou en gran grupo) débense esforzar tanto en se facer entender como en escoitar os demais.
- Expresar o enunciado dunha actividade coas propias palabras e ser capaz de reelaboralo tendo en conta diferentes indicacións.
- A comunicación audiovisual:
 - Iniciar a comprensión crítica dos medios de comunicación: televisión, cine, vídeo, radio, fotografía, materiais impresos e programas de ordenador.
- As Tecnoloxías da Información e a Comunicación. A incorporación da informática na aula contempla dúas vías de tratamento que deben ser complementarias:
 - Informática como fin: ten como obxectivo ofrecerlle ao alumnado coñecementos e destrezas básicas sobre a informática e o manexo dos elementos e programas do ordenador. O ordenador convértese, así, en obxecto de estudo en si mesmo.
 - Informática como medio: o seu obxectivo é tirar todo o proveito posible das potencialidades deste medio; utilízase como recurso didáctico para aprender os diversos contidos que se van tratar, para presentar traballos de diferente índole e para buscar información .
- O emprendemento:
 - Adquirir estratexias para poder resolver problemas: identificar os datos e interpretalos, recoñecer que datos faltan para poder resolver o problema, identificar a pregunta e analizar que é o que pregunta.
 - Realizar un exercicio de creatividade colectiva entre os alumnos que permita idear un novo produto ou servizo capaz de resolver unha necesidade cotiá.
 - Ter iniciativa persoal e tomar decisións desde o seu espírito crítico.
 - Aprender a equivocarse e ofrecer respostas propias.
 - Traballar en equipo, negociar, cooperar e construír acordos.
 - As habilidades emprendedoras son as seguintes:

- Habilidades persoais: iniciativa, autonomía, capacidade de comunicación, sentido crítico, creatividade, adaptabilidade, observación e análise, capacidade de síntese, visión emprendedora.
 - Habilidades cognitivas: expresión e comunicación oral, escrita e plástica; aplicación de recursos TIC na aula.
 - Habilidades sociais: traballo en grupo, comunicación; cooperación; capacidade de relación co contorno.
- A educación cívica e constitucional:
 - Coñecemento e respecto polos valores constitucionais de liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo político.
 - Coñecemento, respecto e aceptación de algúns dereitos e deberes fundamentais: igualdade ante a lei, dereito á vida, liberdade persoal, e participación, dereito á educación, ao traballo, etc.
 - Coñecemento, valoración e respecto pola organización territorial de Estado en comunidades autónomas.
 - Coñecemento, respecto e aceptación dos dereitos sociais, deberes e políticas públicas: igualdade de xénero.
 - Seguridade Viaria:
 - Coñecemento das normas básicas de circulación e sinais, a través do xogo.
 - Normas de seguridade como peon ou usuario da bicicleta.
 - Práctica da educación viaria a través da montaxe dun circuío no polideportivo.

c. Fomento da lectura

O centro conta cun Plan Lector (que inclúe un plan de fomento da lectura) cun programa de Biblioteca , co que tamén se pretende animar á lectura e fomentar o hábito lector. O seu desenvolvemento baséase fundamentalmente nas seguintes actividades:

- Apertura da biblioteca escolar durante os recreos para lectura, estudo, consulta de información e préstamos de libros.
- Desenvolvemento de proxectos lectores nas aulas, co fomento e a práctica da lectura diaria, xa sexa a través do período de 20 minutos establecido como obrigatorio pola Consellaría de Educación fundamentalmente utilizando a biblioteca de aula,(incluído no horario de todos os cursos de 12:00 a 12:30 para a segunda quenda de recreo e

de 12:30 a 13:00 para a primeira quenda de recreo) ou ben a través da lectura polo alumnado de libros propostos ou recomendados polos equipos docentes, e de acordo co plan de traballo que se estableza ao efecto.

- Desenvolvemento de diversas actividades adaptadas a tódolos niveis organizadas dende a biblioteca e levadas a cabo polos diferentes titores.

d. Plan TIC

Establece o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe. As formas de utilización das TIC na aula son, aproximadamente as que se detallan a continuación:

- **Exposición do profesor apoiada nas TIC.** Emprégase o ordenador como fonte complementaria de información. Tamén se fai uso de vídeos educativos seleccionando os máis adaptados dos que ofrece Internet.
- **Iniciación á informática.** Preténdese transmitir os coñecementos básicos necesarios para poder utilizar as TIC.
 - ii. Apertura e peche de aplicacións.
 - iii. Creación dun documento novo
 - iv. Acceso á información contida nun CD.
 - v. Acceso a páxinas web.
 - vi. Utilización dun buscador

6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Entre os propósitos que perseguimos neste tipo de actividades destacamos:

- Completar a formación que reciben os alumnos nas actividades curriculares.
- Mellorar as relacións entre alumnos e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Permitir a apertura do alumnado cara ao contorno físico e cultural que o rodea.
- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara aos demais, e o coidado do patrimonio natural e cultural.

- Desenvolver a capacidade de participación nas actividades relacionadas co contorno natural, social e cultural.
- Estimular o desexo de investigar e saber.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumno.
- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que integren e que realicen.

Proposta de actividades complementarias:

- Visitas a museos e institucións culturais.
- Celebración de efemérides: Día do Libro, Día da Paz....
- Festas e celebracións ☒ Visita a espazos naturais.
- Participación no programa de Voz Natura.
- Participación no programa de Cooperativismo.
- Organización da semana cultural

7. ATENCIÓN ANTE POSIBLES ESCENARIOS DERIVADOS DA COVID -19

No, esperemos que hipotético caso de pandemia, ou calquera outro motivo que non permita a execución de clases presenciais, de novo, o cambio máis significativo terá lugar na metodoloxía.

Neste caso seguiranse coas clases a distancia, por vía telemática, e utilizarase o correo electrónico como lugar de referencia, tanto para enviar os diferentes materiais das distintas materias por parte do profesorado, como lugar onde o alumando terá que entregar os traballos e exercicios encomendados.

Os criterios de cualificación non sufrirán cambios respecto do escenario presencial normal, a sabendas de que non se pode garantir que as probas realizadas sexan de todo fiables, sen axuda externa.

8. ANEXOS

Secuenciación de contenidos

Estándares de aprendizaje, competencias clave, peso, instrumentos de evaluación, temas

Transversales.